

PLAN DE CONVIVENCIA

**CEIP PLURILINGÜE
OUTEIRO DAS PENAS**

Curso 2016-2017

ÍNDICE

1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.

1.1. Introducción

1.2. Análise dos diferentes contextos e da situación actual

1.3. Detección de necesidades do noso centro

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. DESCRICIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUINDO MEDIDAS PREVENTIVAS, DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS

3.1. Actuacións organizativas e de xestión

3.2. Actuacións que potencien a participación de todos os membros da comunidade educativa.

3.3. Actuacións metodolóxicas que promovan a convivencia: desenrolo de valores, actitudes, habilidades e hábitos

3.3.1. Emprego da Asamblea clase

3.3.2. Plan de habilidades sociais

3.3.3. PAT

3.3.4. Plan de convivencia

3.3.5. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia.

3.3.6. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

3.3.7. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

3.3.8. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia e condición persoal ou social

3.4. Plans de prevención de risco

3.4.1. Plan Director

3.4.2. Actividades organizadas pola ANPA

3.4.3. Actividades extraescolares e complementarias

3.4.4. Caixa de correos de suxestións e queixas

3.4.5. Programa de habilidades sociais

3.5. Protocolos de intervención ante conductas contrarias a convivencia

3.5.1. Procedemento de resolución de conflitos. Mediación

3.5.2. Protocolo de prevención e actuación en caso de acoso escolar.

3.5.3. Ciberacoso

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

4.1. Prevención acoso escolar.

4.1.1. Marco xeral

4.1.2. Plan de convivencia

4.1.3. PAT

4.2. Identificación do acoso escolar.

4.2.1. Formas de acoso escolar.

4.2.2. Onde se produce?

4.2.3. Quen participa?

4.2.4. Consecuencias

4.3. Tratamento das situacións de acoso

4.3.1. Que facer?

4.3.2. Como actuar:

- Primeira fase

- Segunda fase

- Terceira fase

- Cuarta fase

4.4. Ciberacoso

5. NORMAS DE CONVIVENCIA, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS.

5.1. Normas do profesorado

5.2. Normas do alumnado

5.3. Normas das familias

5.4. Normas da comunidade en xeral

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. SERVIZO DE MEDIACIÓN. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA. ESCOLA DE NAIS E PAIS.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.

1.1. Introducción

O Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do Centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo Centro, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos obxectivos plantexados.

O enfoque da convivencia no Centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, duns bos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta. Para isto elaboramos unhas regras de boa convivencia e unha normativa, que regulará o bo funcionamento do colexio.

A resposta educativa do Equipo Directivo e do profesorado do Centro é a de promover a actitude de participación do alumnado mediante o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito. Igualmente preténdese potenciar a mellora da convivencia.

Non queremos limitar a convivencia a elementos organizativos, senón tamén e, sobre todo, desenvolver contidos que contribúan á formación do alumnado.

Entendemos, a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe, ademais de ser obxectivos da educación e finalidades en si mesmas. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un dos obxectivos da educación. Para acadar unha boa convivencia no Centro e para lograr un clima participativo e democrático é preciso potenciar esas condutas.

Pretendemos desenvolver no alumnado eses valores e habilidades de comunicación e de relación social.

Debemos ter presente que a pesar de que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

Este plan enmárcase dentro da normativa da Comunidade de Galicia sobre convivencia escolar:

- Constitución española

- Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade

Somos plenamente conscientes de que a escola é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os nenos perciben no seu entorno e nas súas vivencias. Na tarefa da educación a escola non pode actuar soa, porque educar é unha tarefa tan ampla e complexa que un sector só non ten as respostas e menos as solucións. Por isto a escola, a familia e outras institucións deben coordinarse, implicarse, entenderse e ser coherentes nas súas competencias para conseguir unha educación de calidade que prepare para a vida de cada un e para a realidade multicultural e multiétnica na que lle tocará vivir e desenvolverse ao noso alumnado.

O Equipo Directivo do CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas conxuntamente cos membros da Comisión de Convivencia Escolar e coa colaboración e aprobación do Claustro e o Consello Escolar, conforme ao establecido no PEC e no NOF elabora o presente Plan, que quedará á disposición da Comunidade Educativa na Secretaría do centro.

O noso é un centro do rural da provincia de Pontevedra que contamos cun horario en forma de xornada continuada de 9.30 a 14.30 h. e que conta con actividades extraescolares polas tardes, entre as que destaca a apertura diaria da Biblioteca Escolar dende as 16.30 ata as 18.30 h. supervisada por profesorado do colexio.

O CEIP “Outeiro das Penas” está situado na vila de Cesantes, no Concello de Redondela. O noso centro comeza a funcionar en xaneiro de 1974 co nome de “Colegio Nacional Mixto Comarcal de Cesantes”, integrando ao alumnado da zona.

O nivel socioeconómico familiar podémolo cualificar de medio-baixo, así como o nivel cultural.

O entorno social do centro é galegofalante, con comportamentos diglósicos, que tende a valorar o castelán, aínda hoxe en día, como lingua A e o galego como lingua B, aspecto que se tenta mellorar a través da posta en marcha dun Plan Lingüístico de centro.

A competencia lingüística dos alumnos é maior en castelán a pesar de que a planificación que está a seguir o centro dende hai uns anos implica que a lingua oficial do centro é exclusivamente o galego así como a lingua que se emprega con todos os membros da comunidade educativa. Aproximadamente un 2 % do noso alumnado é inmigrante, procedente principalmente de Marrocos, aínda que tamén contamos con alumnado procedente de Suramérica, existindo un alto grao de aceptación das minorías dentro das nosas aulas.

O claustro está constituído por 22 mestres, dos cales 4 son especialistas en **educación infantil**, 9 especialistas en **educación primaria**, 2 especialistas en **educación física**, 2 especialistas de **lingua estranxeira**, unha especialista en **audición e linguaxe**, unha especialista en **pedagogía terapéutica**, unha especialista en **educación musical**, unha especialista en **filoloxía francesa**, un **orientador** e unha especialista en **relixión**.

O alumnado estará distribuído, segundo o catálogo, en dez unidades de educación primaria e tres de educación infantil, quedando os posibles desdobres en función das necesidades de cada curso escolar e da autorización pertinente da Inspección Educativa.

A elaboración e existencia deste documento quedará reflectido anualmente na Programación Xeral Anual, xunto coa composición da Comisión de Convivencia, e entrará en vigor unha vez validado polo Consello Escolar, quedando implantado no curso 2016-17 e quedando anexado ao

PEC, xunto co NOF, o Plan TIC, o Plan Lingüístico e o Plan Lector. Plans todos eles elaborados segundo o establecido na Lei Orgánica de Educación vixente.

1.2. Análise dos diferentes contextos e da situación actual.

A nosa pretensión inicial foi valorar o punto do que partimos en temas de convivencia e relacións entre os diferentes estamentos da comunidade educativa, para o cal, a través de cuestionarios sinxelos e da elaboración de sociogramas, buscamos valorar como ve cada grupo o clima actual dentro do noso centro educativo, prestando especial relevancia ás relacións entre o alumnado dentro das aulas e durante o tempo de lecer.

Os cuestionarios utilizados atópanse en un documento aparte a este plan, e serían os que se citan a continuación:

- Para os mestres e as familias o Anexo

VIII

- Para o alumnado os cuestionarios sociométricos (para 5º e 6º de Primaria o cuestionario para preadolescentes e para os outros niveis de Primaria o cuestionario sociométrico para nenas e nenos de seis a dez anos)

Estes cuestionarios dirixíronse tanto ao profesorado, como ás familias e ao alumnado, e unha vez recabada a información fíxose unha análise global dos mesmos extraendo unha serie de conclusións, sendo as máis importantes as que se enumeran a continuación:

● Non existen problemas salientables de convivencia e conflitos **entre o noso alumnado**, agás situacións puntuais en determinadas aulas e casos concretos. En liñas xerais o alumnado atópase ben adaptado e manifesta un comportamento positivo respecto ao seu grupo de iguais, e respecto ao profesorado. A pesar desto cabe resaltar que aínda se observan certas condutas discriminatorias cara o alumnado estranxeiro ou con condutas disruptivas nas aulas, que tenden a ser rexeitados á hora de elixilos para traballar ou xogar con eles.

● Respecto das **valoracións do profesorado** (a escala numérica empregada para valorar a convivencia é a seguinte: 1 moi malo, 2 malo, 3 regular, 4 normal, 5 bo, 6 moi bo e 7 excelente) acerca do clima de convivencia no centro cabe resaltar que como media se valora como boas (5) as relacións entre os membros da comunidade educativa, tanto familias, como mestres entre si, como co equipo directivo e a administración educativa.

Ademais as medias extraídas determinan que a tipoloxía dos conflitos (escala numérica

empregada para valorar a conflictividade e a seguinte : 1 nunca, 2 moi pouco, 3 pouco, 4 algunhas veces, 5 bastantes veces 6 moitas veces e 7 sempre) que se producen no noso centro danse pouco (3) entre o equipo directivo e o profesorado, moi pouco (2) entre o profesorado, pouco (3) entre o alumnado e moi pouco (2) entre o profesorado e as familias.

● Respecto das **valoracións extraídas das opinións das familias** cabe destacar as seguintes apreciacións:

- En canto ao clima de convivencia no centro as medias extraídas nos diferentes ítems oscilan entre 5.4 puntos e 5.7 puntos, o cal quere dicir que tanto nas relacións entre o alumnado, como entre o profesorado e as familias e o profesorado e o alumnado o clima está entre bo e moi bo.
- En canto a entre quen se dan conflitos no centro, as puntuacións medias dos diferentes apartados varían entre 2.26 e 2.80 puntos, o cal nos indica que os conflitos entre os diferentes membros da nosa comunidade tenden a darse entre moi pouco e pouco.
- Por último os conflitos máis frecuentes que se observan no centro, segundo as nais e pais, son as condutas disruptivas nas aulas e as agresións verbais entre o alumnado, que se dan pouco (3.33). Por outra banda tamén atopamos preocupación pola existencia de algúns casos de intimidación ou acoso entre o alumnado, aínda que isto se da moi pouco (2).

Estas conclusións sentaron as bases do presente Plan de Convivencia que estamos a desenvolver na actualidade, ofrecendo un punto de partida bastante positivo, o que nos incita a pensar que, aínda que debemos aspirar a mellorar certos aspectos, a nosa andaina vai polo bo camiño.

1.3. Detección de necesidades no noso centro educativo

Respecto da detección de necesidades cabe resaltar a importancia de posuír un bo nivel de formación neste ámbito, para o cal o centro de formación e recursos deberá ofertar cursos apropiados ás nosas necesidades. O Claustro de mestres valorará a súa participación nos mesmos en función da súa coherencia e utilidade para a nosa realidade educativa. Esta formación de profesorado tamén poderá realizarse, de crelo convinte, a través da petición de grupos de traballo, seminarios permanentes etc.

A través da análise feita no punto anterior xorden moitas necesidades que tanto o profesorado como as familias cren conveniente mellorar e son as seguintes:

- A necesidade de consensuar normas entre o alumnado e o profesorado, así como criterios de actuación entre o profesorado.
- A necesidade de favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado e mellorar as relacións coas familias.
- A necesidade de formar ao profesorado en temas de resolución de conflitos para posteriormente poder aconsellar ás familias.
- A necesidade de adaptar o currículo ás necesidades concretas do alumnado.

Ante esto a escola ten a obriga de marcarse uns principios, uns obxectivos de prevención e unhas estratexias de intervención, que segundo o noso contexto particular serán os que desenvolveremos a continuación no presente Plan.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE QUEREMOS ACADAR

Así pois o Plan de Convivencia do noso centro é un documento que ten por obxectivos:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión ou idade.
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

- Dotar ao centro dos recursos precisos.
- Formar ao profesorado, para poder solucionar mellor os problemas de convivencia que se plantexan hoxe en día na escola.
- Establecer unhas normas comúns de convivencia para o alumnado, para o profesorado e para as familias.
- Concretar os protocolos de actuación cando se dan circunstancias que alteran a boa convivencia do centro educativo.
- Conter información sobre os espazos do centro, relacións co entorno, características sociodemográficas das familias e do alumnado, e tamén procedementos de actuación para previr casos de acoso e intimidación.

3. DESCRICIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA , INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

As accións para a mellora da convivencia escolar deben ser afrontadas desde unha concepción global e multidisciplinar, integrando todos os factores e elementos que converxen nun centro educativo. Nos creemos que para mellorar a convivencia escolar debemos plantexar actuacións e medidas desde os seguintes ámbitos e así as temos contempladas:

3.1 Actuacións organizativas e de xestión

3.2 Actuacións que potencien a participación de todos os membros da comunidade educativa

3.3. Actuacións metodolóxicas que promovan a convivencia, desenvolvendo valores, actitudes e hábitos:

3.3.1. Emprego da “asamblea de clase”

3.3.2.. Programa HHSS

3.3.3. PAT

3.3.4. Plan de Convivencia

3.3.5 Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia.

3.3.6. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

3.3.7 Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

3.3.8. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia e condición persoal ou social

3.4. Plans de prevención de risco

3.4.1. Plan Director

3.4.2. Actividades ANPA

3.4.3. Actividades extraescolares e complementarias.

3.4.4. Caixa de correos de suxestións

3.4.5. Programa de habilidades sociais

3.5. Protocolos de intervención ante condutas contrarias ou prexudiciais para a convivencia

3.5.1. Procedementos de resolución de conflitos. Mediación

3.5.2. Protocolo de Prevención e Actuación en caso de Acoso Escolar

3.5.3. Ciberacoso

3. 1. Actuacións organizativas e de xestión.

3.1.1. O propio proxecto de dirección, recolle o modelo de xestión que se desenvolve no centro: un estilo de dirección colexiada, tomando as decisións que son competentes tendo sempre presentes as aportacións de todos os membros da Comunidade Educativa. Entendendo a dirección como un servizo a todos os membros da Comunidade educativa.

3.1.2. Propiciando o desenrolo de metodoloxías de aprendizaxe-ensino centradas no alumnado, socioconstrutivistas, que potencien nos nosos alumnos e alumnas o espírito crítico, a cooperación, a participación e o traballo cooperativo.

3.1.3. As fórmulas de organización de espazos, horarios, distribución de responsabilidades, coordinación de equipos e o PAT.

3.1.4. Existencia no centro de documentos e instancias oficiais que axudan a que o colexio se estructure e organice apropiadamente e así exista unha boa coordinación e relación entre os diferentes membros da comunidade educativa: fichas de recollida de alumnado en horario escolar e extraescolar, autorización permanente para a recollida de alumnado por persoas distintas aos pais, autorización para o uso da imaxe do alumnado e medios de comunicación escolar, partes mensuais de falta de mestres e alumnado, ficha para actualización de datos das familias,...

3.2. Actuacións que potencien a participación de todos os membros da comunidade educativa:

A mellora da convivencia escolar empeza pola responsabilidade compartida de todos os membros da

comunidade educativa, implicados directa ou indirectamente na educación: familia, mestres, institucións, asuntos sociais ... Así resulta evidente que para fomentar a convivencia necesitamos a colaboración das familias e as institucións. No noso centro realizamos:

- 3.2.1. Actividades de acollida a alumnado e familias: semana de portas abertas durante o período de matrícula.
- 3.2.2. Reunións conxuntas coa ANPA .
- 3.2.3. Actividades conxuntas con organizacións do entorno: Comisión de Montes Do Viso, Centro Cultural de Cesantes, Confraría de mariscadoras de Cesantes,...
- 3.2.4. Emprego da aplicación TOKapp para favorecer as comunicacións.
- 3.2.5. Colaborase co Concello nos obradoiros propostos desde asuntos sociais.
- 3.2.6. O emprego da axenda escolar como medio de comunicación familia titor.
- 3.2.7 Reunións da Comisión para a convivencia

A convivencia esixe fomentar a información, a participación, a comunicación e a colaboración.

3.3 Actucións metodolóxicas que promovan a convivencia : desenrolo de valores, actitudes, habilidades e hábitos.

Se fomentamos a construción diaria da responsabilidade, mediante a implicación, a complicidade e a confianza do alumnado, conseguimos a pauta educativa imprescindible para a educación para a convivencia pacífica.

- 3.3.1. Emprego da ASAMBLEA DE CLASE como recurso facilitador do desenvolvemento de valores prosociais, da resolución pacífica de conflitos, e de aprendizaxe para a participación democrática en sociedade.
 - Dar voz ao alumnado (a maior participación, maior compromiso).
 - Traballar os conflitos a través da mediación:
 - o Aprender a analizar os conflitos e valorar o rol que desempeña cada persoa.
 - o Aprender a intervir fronte a situacións negativas e condutas incorrectas desde a aceptación de todas as persoas.
 - o Aprender a actuar a tempo (prevención).
 - o Aprender a manifestar as propias opinións (asertividade).
 - o Aprender a escoitar as opinión dos demais (escoita activa).
 - o Aprender a elixir a resposta mais axeitada en cada situación (estilos de xestión de conflitos).

- o Aprender a reunir a información precisa para atopar unha saída ao conflito (identificación de intereses).
- o Aprender a enfocar os problemas acercando posicións e sumando esforzos (cooperación).
- o Aprender a atopar múltiples solucións aos problemas (creatividade).
- o Aprender a compartir responsabilidades promovendo a implicación individual e colectiva (participación activa).
- o Aprender a convivir coas propias limitacións (criterios de realidade).
- o Aprender a intervir en conflitos moi enquistados (reparación e reconciliación).
- o Aprender a ilusionar as persoas do centro no cultivo dun clima de convivencia pacífico (cultura da paz).

3.3.2. Programa de Habilidades Sociais para facer da nosa escola un lugar para a educación na convivencia, un lugar onde se comparten experiencias, onde se aprende a comunicar, a cooperar, a ser solidario, a respectar as regras...

Previamente a Orientadora elabora sociogramas dos diferentes grupos de nivel para facilitar información ao titor das relacións existentes.

3.3.3. PAT

Somos conscientes da nosa responsabilidade como modelos e da importancia das relacións que establecemos co alumnado, por iso intentamos amosar actitudes que:

- Comunicuen confianza, seguridade e optimismo
- Aceptar aos alumnos e alumnas tal e como son, mantendo un trato cordial con todos e evitando as preferencias
- Ante situacións de indisciplina manterse sereno, con autodominio suficiente para valorar a conduta sen manifestarse nin excesivamente benévolo, nin excesivamente severo
- Empregar reforzos positivos valorando éxitos por pequenos que sexan
- Manter pautas coherentes na nosa conduta e no control da clase
- Dar á clase un clima de liberdade dentro dun orde, de entusiasmo activo, de sinceridade e respecto .

3.3.4. O Plan de Convivencia será un documento real, funcional e de recomendado cumprimento, que estará a disposición de todo o profesorado que pase polo centro. Así mesmo estará a disposición das familias e de toda a comunidade escolar para cando soliciten lelo, quedando arquivado na Secretaría do Centro. Os titores serán os encargados de dar a coñecer as normas, dereitos e deberes a o seu alumnado, a través da lectura e traballo de dito plan, dentro da aula.

3.3.5. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia

As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar.

Para o alumnado de educación infantil que se incorpora ao sistema educativo existe un Plan de Adaptación específico.

Para o restante alumnado que se incorpore ao centro as actuacións a realizar terán como obxectivos:

- Axudar ao alumnado a integrarse plenamente no centro.
- Atender as necesidades educativas e comunicativas se as houbera.
- Favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia.

Actuacións do Plan de Acollida:

Equipo Directivo:

- Elaboración, seguimento e avaliación do Plan.
- Establecer o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e coñecer o centro.
- Traslado de información ao profesorado que atenda aos alumnos e alumnas.
- Apoio e colaboración en cuestións sociofamiliares.

Departamento de Orientación:

- Orientar e asesorar na elaboración, seguimento e avaliación do Programa.
- O orientador/a asesorara sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico.

Titor/a:

Coa familia:

- Solicitar, nunha primeira entrevista, a información necesaria.
- Facilitar a familia a información que necesite.
- Establecer coa familia pautas para un contacto constante e frecuente co centro.

Co resto do profesorado:

- Traslado de información.

- Solicitar datos do profesorado.

Co alumno/a:

- Recibir ao alumno/a.
- Determinación do seu nivel de competencia lingüística no caso de alumnado procedente do estranxeiro.
- Realizar a avaliación inicial (valoración da súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lecto-escritura e matemáticas e as posibles necesidades específicas).
- Servir de enlace e referente co profesorado e os compañeiros/as.
- Mostrar o centro, normas, pautas de comportamento, de traballo.
- Informar sobre actividades e situacións escolares que poidan resultar novas.
- Facer participar activamente ao alumno/a en aqueles aspectos nos que sexa competente.

Co grupo:

- Informar sobre o novo compañeiro/a.
- Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva.
- Seguimento do proceso de integración.
- Adaptar a resposta educativa as necesidades do alumno (solicitando a colaboración necesaria).

Profesorado:

- Proporcionar un trato afectuoso.
- Aportar información ao titor/a.
- Explicación de pautas e normas de comportamento.
- Ter en conta unha visión global de todas as actividades e persoas que inciden no proceso de adaptación.

Criterios de adscripción ao grupo:

En principio adscribirase ao alumno/a ao nivel que lle corresponda segundo o certificado de escolarización do centro de procedencia que achegue a familia. No alumnado procedente do estranxeiro, o/a orientador/a realizara a correspondente proposta de escolarización atendendo ao disposto na normativa.

Actuacións na aula:

- Convén nomear un alumno/a-titor/a, que lle acompañe nos primeiros movementos no centro, e ao que poida acudir en situación de conflito ou necesidade.
- Informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comece o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, informar ao grupo no coñecemento das posibles pautas culturais disonantes coas nosas, explicándoas no seu contexto.

- E convinte avaliar e examinar de cando en vez colectivamente o proceso de integración do novo compañeiro/a, detectando posibles dificultades e fixando tarefas para corrixilas.
- Aceptar o proceso coñecido como "etapa silenciosa" pola que pasan moitos alumnos/as que se ven inmersos neste proceso.
- Abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse, sexa no grupo ou fora do aula, para atallalas o máis rapidamente posible e tratar de cambiar a actitude do alumnado implicado.

3.3.6.. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa

- Programas de habilidades e competencias sociais. Realizaranse desde o Departamento de Orientación.
- Plan Director de Convivencia. Charlas dirixidas ao alumnado e a comunidade educativa sobre o acoso escolar.
- Actividades dirixidas ao alumnado sobre navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías.
- Participación en plans de igualdade entre mulleres e homes convocados polo concello.

3.3.7. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Tendo en conta os protocolos da Consellería:

I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Protocolo de identidade de xénero

Dispoñibles no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitarnos o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe e mais urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento as desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos a súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

Accións dirixidas a comunidade escolar:

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e visualícese o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar as alumnas no interese polo coñecemento científico tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e dirixidas a comunidade educativa.

Accións no centro:

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.).
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- Canalizar o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Enfrontar o tema da violencia cara as mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.

- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.).
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

3.3.8. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, procedencia e condición persoal ou social.

- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller,...
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.
- O Departamento de Orientación elaborara e desenvolvera un programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado tutor, que procuraran implicar ao resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, aos servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

O recreo e o xogo:

- O período de recreo e un dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo e o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fora xa dos límites da aula para establecer vínculos relacionais máis libres e onde a interacción con outros grupos e maior. Por este motivo poden xurdir conflitos case sempre ocasionados pola confluencia de intereses, os problemas de integración social, a competitividade e as rivalidades persoais, a agresividade, etc.
- E por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo. Esta

organización recollerase nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

3.5. Plans de prevención de risco

Debemos sempre ter en conta que a mellor intervención é a **PREVENCIÓN**, porque sempre resulta máis efectiva .

3.5.1. Ao igual que o ano anterior solicitamos a participación no **Plan Director** de seguridade nos centros escolares: nas temáticas de consumo de alcohol e drogas e acoso escolar, (intentamos alternar cada dous anos con Riscos no uso das novas tecnoloxías e acoso escolar a través das redes sociais) así o alumnado de 5º e 6º nivel reciben as dúas charlas.

Nas idades do noso alumnado resultan moi interesantes as charlas a nais/pais. O curso pasado tiveron moitísima participación.

3.5.2. **Actividades organizadas pola ANPA:** obradoiros por parte dun gabinete sobre temas e inquietudes das familias.

3.5.3. **Actividades extraescolares e complementarias**

Son un factor enriquecedor na formación dos nosos/as alumnos/as en canto a convivencia xa que contribúen a:

- o Ampliar a súa formación.
- o Formar diferentes facetas da súa personalidade.
- o Facilitar as relación entre todos os membros da comunidade educativa.
- o Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración sociais.
- o Favorecer o respecto e a tolerancia ante a diversidade de culturas.
- o Promover o sentido da responsabilidade e a colaboración.

. Actividades de convivencia celebradas no centro que potencian actitudes solidarias: día da PAZ, xornada de convivencia coa ANPA polo Nadal, festa de aniversarios en Infantil,...

· Planificar as actividades complementarias e extraescolares tendo en conta que son espazos educativos.

· Participación de alumnado e profesorado en diferentes concursos didácticos de cara a

propiciar un clima de participación colectiva e fomentar a convivencia entre docentes e discentes.

· Elaboración das normas de comportamento en cada actividade complementaria e/ou extraescolar.

3.5.4. Caixa de correos de suxestións e queixas:

Trataríase de establecer no centro un espazo destinado a albergar unha caixa de correos onde o alumnado poida depositar información que sirva para canalizar as súas suxestións, inquiredanzas, problemas, queixas ou observacións en xeral.

Estas manifestacións serían confidenciais e poderían servir en certa medida para obter datos de posibles situacións conflitivas que subxacen e que non son perceptibles a primeira ollada.

Algúns nenos/as non sempre teñen estratexias suficientes para resolver os seus problemas ou inquiredanzas, ou para verbalizalas na aula.

Esta actividade debера ser previamente informada e traballada no marco da titoría, para que sexa utilizada de forma rigorosa. O alumnado non debe valerse deste sistema para transmitir información intranscendente ou banal que constitúa unha perda de tempo innecesaria e desvirtúe o seu carácter participativo, consultivo e de prevención.

A información recollida trasladaríase aos responsables vinculados coa mesma para tratar de resolver e/ou determinar actuacións de mellora.

3.5.5. . Programa de habilidades sociais

- a. XUSTIFICACIÓN
- b. OBXECTIVOS
- c. CONTIDOS
- d. METODOLOXÍA.
- e. DESTINATARIOS
- f. TEMPORALIZACIÓN
- g. AVALIACIÓN

a. XUSTIFICACIÓN

Este programa xorde para atender ás necesidades que presentan algúns dos alumnos e alumnas do

noso centro educativo.

Existen conductas que favorecen a resolución de conflitos de forma pacífica: saber escoitar, saber defender a posición de cada un respectando os sentimentos da outra persoa ou saber pedir perdón cando se comete unha falta.

Por outra parte, hai condutas que entorpecen a resolución de conflitos, como os insultos ou as ameazas.

A aprendizaxe das habilidades sociais e de comunicación son fundamentais para resolver conflitos de forma pacífica, de aí a necesidade da súa aprendizaxe.

Ademais, a nova *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, propón como complemento das medidas correctoras a elaboración e desenvolvemento dun programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorrese reiteradamente en condutas disruptivas.

b. OBXECTIVOS

➤ **Obxectivo principal:**

- Coñecer os compoñentes da comunicación humana e manexar adecuadamente as habilidades sociais básicas.

➤ **Obxectivos específicos**

- Diferenciar entre os diferentes estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.
- Aprender distintas técnicas que faciliten a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica.
- Diferenciar os diferentes contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar o modo de dirixirse aos demais en cada un deles.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais máis avanzadas.

c. CONTIDOS

Os contidos que imos a traballar serán principalmente de carácter actitudinal e procedemental, comezaremos traballando algúns dos contidos máis básicos:

- Aspectos básicos da comunicación verbal e non verbal.
- Primeiras habilidades sociais: escoitar, iniciar e manter unha conversa, formular unha pregunta das as grazas.

- Asertividade
- Autoafirmacións positivas
- Habilidades sociais avanzadas: pedir axuda, participar, dar e seguir instrucións e desculpase.

d. METODOLOXÍA

Proponse unha metodoloxía activa, participativa, que suscite a reflexión, o diálogo e a comunicación.

O proceso didáctico organízase a partir dun conxunto de actividades relacionadas entre si e cunha coherencia interna que nos permite traballar unha serie de habilidades que consideraremos básicas para a resolución pacífica de conflitos.

Traballarase principalmente con dous tipos de ferramentas, en primeiro lugar as dinámicas de grupo e en segundo lugar algunhas técnicas de adestramento de habilidades sociais como o modelado, o xogo de roles, a retroalimentación e a transferencia e mantemento.

- O Modelado: É a representación por parte do educador dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade de adestrar cos pasos condutuais que a compoñen.
- O xogo de roles: O suxeito, unha vez percibida a habilidade representada para a súa vida real, reproduce da forma máis fiel posible o rol asignado.
- A retroalimentación: Realízase tanto por parte do educador ou educadora como dos compañeiros e compañeiras e será fundamentalmente positiva xa que os comentarios se acompañarán de mensaxes construtivos, polo que na práctica, a formulación convértese nun reforzamento.
- Transferencia e mantemento: A transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas, e o mantemento á persistencia desas condutas ante as distintas situacións que en diferentes contextos podan darse. Esta última parte realizarase a través do seguimento semanal do alumno ou alumna.

e. DESTINATARIOS

Os alumnos/as destinatarios do programa serán aqueles que os titores e titoras e o Departamento de Orientación propoñan. A proposta presentarase na CCP e deberá ter o visto e prace desta, así como de Equipo Directivo do centro e coa conformidade da familia e o alumno/a implicado/a.

Nome e apelidos	Curso/Grupo	Hora destinada ao programa

f. TEMPORALIZACIÓN

As sesións realizaranse en horario lectivo ao longo do curso. A duración de cada sesión será de 50 minutos. O número de sesións será a que tiores e Departamento de Orientación consideren convenientes, sempre tendo en conta o avance ou retroceso do alumno/a, as súas necesidades e a opinión do profesorado que imparte docencia ao alumno/a.

g. AVALIACIÓN

A avaliación será continua, é dicir, levarase a cabo ao longo de todo o proceso para coñecer como se está desenvolvendo e introducir así as modificacións oportunas para a mellora do programa. Na avaliación participará o alumnado, o profesorado e o Departamento de Orientación.

Por unha parte, o Departamento de Orientación e o profesorado, nas súas clases, avaliará os seguintes indicadores de comportamento:

- O modo de iniciar e manter conversas e de escoltar aos demais durante o transcurso das mesma.
- A forma de expresar e responder a manifestacións tanto positivas como negativas dunha forma adecuada.
- A diminución de chamadas de atención por parte do alumnado en contextos de comunicación non propicios e en momentos inadecuados.
- A forma de dirixirse aos demais e de establecer relacións interpersoais positivas para todos os implicados no proceso de comunicación.

Por outra, o alumnado realizará un **diario persoal** que recolla o contido tratado en cada sesión e unha pequena avaliación da mesma.

3.6. Protocolos de intervención ante conductas contrarias ou prexudiciais para a convivencia.

3.6.1. PROCEDIMIENTO DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS. As ferramentas máis eficaces para a resolución de conflitos son a mediación e o diálogo. Dependendo do tipo de conduta e a reiteración da mesma e sempre seguindo os protocolos recollidos na lexislación vixente o proceso pasa por entrevistar aos afectados, tanto aos que reciben a agresión como aos presuntos provocadores, para delimitar a intimidación e recoller propostas de reparación do dano causado. Despois disto, eliximos estratexias integradoras para traballar cos alumnos implicados e co

grupo, e coordinamos os procedementos levados a cabo no colexio coas familias, de maneira que o cambio de conduta sexa un compromiso máis efectivo.

Cando as medidas preventivas fallen ou se presente un caso de rotura do Plan de Convivencia e das normas que el leva, tentaremos, a través de diferentes canles, establecer como primeiro paso medidas reeducadoras, encamiñadas a que a situación disruptiva non se volva producir.

Por exemplo, a través da Orientación Educativa levarase a cabo un traballo tanto coa familia da persoa agredida, coa persoa que sofre a situación, coa familia da persoa presunta agresora e coa persoa agresora (obradoiro de convivencia). Decidiranse en función da análise de casos particulares no momento en que se produzan, segundo o que se determine máis conveniente.

Recollerase a información nos documentos oportunos e valorarase cada situación individualmente e de maneira concreta, para buscar as solucións máis axeitadas. Estas solucións reeducadoras serán propostas polo Departamento de Orientación do Centro e contarán coa colaboración do equipo docente de cada curso, así como coa colaboración do Equipo Directivo, que deberá estar informado das medidas que se prevé tomar.

3.6.2. Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Sempre seguindo de base o protocolo da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/acoso_e_ciberacoso_protocolo_xeralrectificado_tlf_05_02_16.pdf

4.1.PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

A prevención do acoso implica actuar sobre o clima de convivencia no centro educativo, procurando melloralo.

A mellora do clima de convivencia nos centros educativos non se logra, xeralmente, coa simple adopción de medidas puntuais tendentes a resolver os problemas e os conflitos que se van presentando

diariamente (disrupción, indisciplina, conflitos interpersoais, maltrato entre iguais...), senón que require traballar nun marco global no que se inclúe un amplo abano de factores, que se concretan no **Plan de Convivencia** elaborado polo propio centro así como no **Plan de Acción Tutorial**.

4.1.1. MARCO XERAL

Os factores que favorecen a convivencia escolar e o seu correspondente obxectivo son:

- **Convivencia democrática:** Convivir desenvolvendo valores de participación real e non só burocrática, intentando evitar desequilibrios de poder e democratizar a vida escolar. Este obxectivo conséguese a través de:
 - Dun Proxecto Educativo compartido e divulgado.
 - Na participación no NOF: Revisión e acordos da Comunidade Educativa.
 - Acción tutorial: Desenvolvendo valores e actitudes.
 - Normas de aula e de centro consensuadas e asumidas polo profesorado, alumnado e familias.
 - Comisión de Convivencia: Asesora á Dirección, propón medidas e media en asuntos de convivencia a instancia da Dirección.
 - Consello Escolar: Funcionamento e toma de decisións en base a un diálogo igualitario e a o consenso.
 - Análise e reflexión do clima de convivencia.
 - Medidas para a sensibilización na importancia da aprendizaxe da convivencia.
- **Proceso de ensino aprendizaxe:** Buscar un estilo educativo que recoñeza e atenda a complexidade inherente ás relacións entre os contidos, o alumnado e o profesorado. En relación a:

O proceso de ensinanza:

- Organización e xestión da aula que permita a aprendizaxe, a interacción e o desenvolvemento persoal.
- Rol do docente: empatía, acercamento, dialogante ...
- Funcións educativas, non só instrutivas por parte do educador.
- Creación de grupo: cohesión e participación.
- Metodoloxía didáctica: cooperativa, activa...
- Estilo de ensinanza e aprendizaxes axustados á diversidade.

O coñecemento do alumnado

- Desenvolvemento psicoevolutivo.
- Consideración da heteroxeneidade (intereses, capacidades, minorías...).
- Ensinanza para a diversidade (ACS, flexibilización grupal...).

- Adaptar a intervención educativa ás características persoais do alumnado (autoestima, timidez...).
- Desenvolvemento dunha educación emocional (atención a sentimentos e emocións).
- Valorar á persoa, non só coñecementos académicos.

Os cambios curriculares

- Contidos conceptuais útiles e funcionais para a vida.
- Contidos procedementais (escoita activa, manexo da información...).
- Contidos actitudinais (respecto á diferenza, solidariedade...).
- Facer explícito o currículo oculto.
- Emprego de materias non excluíntes (non sexistas, non discriminatorios).
- Avaliación formativa que oriente e reaxuste o proceso de ensino aprendizaxe.
- Alumnado protagonista do seu propio aprendizaxe.
- Potenciar as capacidades de todo o alumnado dende o currículo inclusivo.

As habilidades de comunicación e resolución de conflitos

- Desenvolvemento de habilidades sociais (asertividade, empatía...)
- Percepción positiva do conflito.

- Educar “en e para” o conflito.
- Atribución do conflito a causas modificables.
- Aprender a poñer solucións.
- Desenvolver procesos de negociación.
- Utilizar a estratexia da mediación.

- **Medidas organizativas:** Diminuír a agresividade, a intolerancia e a arbitrariedade no centro escolar a través de:
 - Horarios con criterios pedagóxicos.
 - Asignación de titorías e grupos de clase con criterios de responsabilidade e eficacia.
 - Asignación equitativa do alumnado a grupos heteroxéneos.
 - Considerar os espazos de recreo, comedor, corredores, zonas comúns en xeral como lugares de convivencia.
 - Formación de grupos flexibles para a atención á diversidade.
 - Distribución espacial da aula de forma flexible.
- **Colaboración familiar:** Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e fillas a través

da:

- Participación de forma activa na elaboración de normas de convivencia.
 - Coherencia informativa sen discrepancias educativas Escola-Fogar.
 - Colaboración nas actividades de centro, de titoría e de aula.
 - Colaboración nos procesos de resolución de conflitos.
 - Coñecemento das necesidades educativas dos seus fillos/as, límites, diálogo, nivel de esixencia, responsabilidade, afecto, aceptación...
 - Implicación na función de apoio nas tarefas escolares.
 - Intercambio de información co profesorado.
 - Fomento da autonomía persoal e do auto concepto no ámbito familiar.
 - Participación nas actividades de sensibilización sobre a convivencia.
 - Crear e participar en Escolas de Pais e Nais.
 - Realizar actividades de formación conxunta familia e profesorado.
- **Entorno socio comunitario:** Abrir canles e participación do ámbito socio comunitario no desenvolvemento da actividade escolar que promova unha convivencia en positivo a través de:
 - Medidas de coordinación e cooperación con outras entidades e organismos (concellos, ONGs, Asociacións...).
 - Xestionar axudas para a escolarización do alumnado con desvantaxe social e cultural.
 - Procurar reforzos educativos e sociais ao alumnado con dificultades dende diversas entidades non só educativas.
 - Participar en Programas de Apertura do centro á comunidade.
 - Intervir en problemáticas familiares que supoñan un obstáculo ao proceso educativo en coordinación con Servicios Sociais, Sanitarios...
 - Realizar campañas informativas e/o divulgativas específicas.

4.1.2. PLAN DE CONVIVENCIA

Os **obxectivos** que debe perseguir calquera Plan de Convivencia son:

- Desenvolver accións que faciliten as relacións dos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos para mellorar as relacións entre compañeiros e compañeiras.
- Priorizar a formación do profesorado e as familias para a abordar a educación para a convivencia.

Os **elementos básicos** que poderían definir un Plan de Convivencia nun centro serán:

- Características do centro e estado actual da convivencia: Identificación os problemas e as

súas posibles causas para comunicalo á comunidade educativa e priorizar obxectivos.

- Obxectivos xerais de prevención e intervención.
- Accións concretas: Estratexias de prevención (Plan de Acción Titorial, formación do profesorado, implicación dos diferentes membros da comunidade educativa) e estratexias de intervención (RRI, Protocolos de actuación ante diferentes conflitos, mediación).
- Aprobación, divulgación e aplicación.
- Seguimento e avaliación: Obxectivos a avaliar, ferramentas de avaliación (Memorias, cuestionarios, observación directa...), conclusións e propostas de mellora.

4.1.3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Deberá incluír, entre outras moitas, propostas que aborden a educación para a convivencia:

- Directrices e actividade de tutoría con alumnos/as para abordar o ensino de valores, o desenvolvemento da autoestima, o adestramento de habilidades sociais, de mediación e convivencia democrática en igualdade de dereitos e deberes, respecto ás diferencias no marco dos dereitos humanos e a regulación dos conflitos de forma pacífica.
- Vías de colaboración coas familias, informando e asesorando sobre o acoso escolar.
- Actividade para detectar casos de acoso entre escolares: divulgación de dípticos, elaboración de cuestionarios, sociogramas...
- A acción titorial individualizada para o seguimento persoal de alumnos/as pertencentes a grupos de risco.
- Planificar e desenvolver axudas para o alumnado implicado en casos de acoso escolar.
- Orientar aos implicados e as súas familias.
- Establecer a coordinación cos Servicios de Saúde Mental Infantil para orientar adecuadamente á vítima e a súa familia no caso de que necesiten algún tipo de tratamento específico.

4.2. IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

O maltrato entre iguais é un problema que ocorre nos centros educativos, e na sociedade en xeral. A intimidación dos agresores/as ocorre en contextos sociais nos que docentes e familia, poucas veces están ao tanto da súa existencia e os demais nenos e nenas non queren involucrarse ou simplemente non saben como axudar.

Dada esta situación, unha intervención efectiva debe involucrar a toda a comunidade escolar (alumnado, familias e docentes). O maltrato entre iguais é un problema serio que pode afectar dramaticamente a habilidade dos escolares a progresar académica e socialmente.

Para poder identificar situacións de acoso debemos coñecer as formas de acoso escolar, onde se

producen, quen participa e cales son as súas consecuencias.

4.2.1. FORMAS DE ACOSO ESCOLAR

O maltrato entre compañeiros e compañeiras pode aparecer de forma moi diversa. Non soamente maniféstase a través de agresións físicas, con frecuencia preséntase como un conxunto de intimidacións de diferente índole que deixan ao agredido/a sen resposta. Estas son algunhas de esas conductas intimidatorias.

- **Maltrato verbal:** Son insultos, motes, falar mal de alguén ou difamar, sementar rumores.
- **Intimidacións psicolóxicas:** Trátanse de ameazas para provocar medo, para obter algún obxecto ou diñeiro e tamén para obrigar a facer cousas en contra a súa vontade, chantaxe ou burlas públicas, pintadas alusivas, notas, cartas, mensaxes a móbiles e correos electrónicos ameazantes.
- **Maltrato físico:**
 - Directo: Malleiras, lesións con diferentes obxectos, agresións en forma de patadas...
 - Indirecto: Roubo e desfeita do material escolar, roupa e outros obxectos persoais.
- **Illamento social:** Ignorar e non dirixir a palabra, impedir a participación co resto do grupo, coaccionar aos amigos e amigas da vítima para quen non interatúen coa mesma. Rexeitamento a non sentarse ao seu lado na aula.

4.2.2. ONDE SE PRODUCEN?

Se é no propio centro escolar: Corredores (nos cambios de clase), baños, vestiarios, entradas e saídas, comedor, transporte escolar e en lugares apartados do patio.

Se é fora do centro: Nos arredores do propio centro escolar e de camiño a casa do acosado/a.

4.2.3. QUENES PARTICIPAN?

Agresores/as

- Fisicamente fortes.
- Necesitan dominar, ter poder, sentirse superiores.
- Forte temperamento, anóxanse con facilidade.
- Impulsivos/as.
- Baixa tolerancia á frustración.
- Desafiantes e agresivos/as cara os adultos.
- Non adoitan mostrarse ansiosos/as nin inseguros/as.

- Comportamentos antisociais temperás.
- Pouco populares entre os seus compañeiros/as, so algúns os seguen.
- Actitude negativa cara a escola.

Vítimas

✓ **Factores de risco**

- Vulnerabilidade psicolóxica e biolóxica.
- Experiencias previas negativas.
- Pouco populares no centro escolar.
- Pouca facilidade para falar de si mesmos.
- Estratexias de afrontamento inadecuadas: illamento e resignación.

✓ **Indicadores**

- Frecuentemente sos, excluídos/as do grupo.
- Repetidamente ridiculizados/as, degradados/as, con motes.
- Escasa habilidade para os xogos e deportes.
- Dificultades para falar na clase, inseguros/as.
- Deterioro do interese pola escola.
- Auto concepto negativo.
- Tristeza, planto, inquietude, ansiedade.

Espectadores/as

✓ **Alumnado que:**

- Tolerancia o maltrato con inhibición.
- Coñece ben ao agresor/a, á vítima, o lugar e os feitos pero non di nada.
- O espectador/a do abuso pode verse moralmente implicado/a cando impera a lei do silencio e participa de certas normas e falsas convencións referidas á necesidade de calar.

✓ **Profesorado e familias que:**

Non dan importancia a sinais claras de alerta, tendendo a inhibirse ante a resolución do conflito.

4.2.4. QUE CONSECUENCIAS TEÑEN?

Para o maltratado/a:

- Síntese so, infeliz, atemorizado/a, perde autoestima e confianza en si mesmo ou en si mesma e nos demais.

- Pode chegar a sufrir problemas de saúde somática e emocional en grados variables como ansiedade, depresión...
- Fobia a acudir ao centro escolar.
- Reaccións agresivas e intentos de suicidio.
- O feito supón unha perda da liberdade e dereitos no alumno/a que limita o seu desenvolvemento persoal.

Para o maltratador/a:

- A súa actitude e conduta son a antesala de futuros feitos delituosos. As ameazas e as agresións físicas de feito xa o son e poder ser denunciabeis.
- Instaurationa unha crenza en si mesmo ou en si mesma e no seu entorno de que se pode lograr poder e liderazgo mediante a violencia, a prepotencia e a submisión doutros.
- É probable que quen foi agresor/a, na súa infancia e xuventude perpetúe condutas agresivas e violentas nas relacións adultas.

Para a comunidade escolar:

- Os espectadores/as acabarán valorando a agresividade e a violencia como formas de éxito social.
- Os espectadores/as sofren un proceso de insensibilización ante os continuados episodios de sufrimento que están contemplando.
- Todo o entorno social sofre unha sensación de indefensión e de incapacidade de reacción similar á da vítima.

4.3. TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

- **4.3.1. QUE FACER CANDO UN ALUMNO/A SÉNTESE VÍTIMA DE ACOSO ESCOLAR, OU BEN A FAMILIA, O PROFESORADO OU ALGÚN COMPAÑEIRO/A DETECTA UNHA SITUACIÓN DESTE TIPO?**

O primeiro paso será comunicar a situación de acoso no centro escolar, ante: un Mestre/a co que poida existir máis confianza, o titor/a, o Departamento de Orientación ou o Equipo Directivo.

Calquera membro da comunidade educativa que saiba sobre unha situación de acoso escolar, deberá poñelo en coñecemento da dirección do centro, xa sexa por escrito ou de forma verbal solicitando unha entrevista. (Anexo I)

- **4.3.2. COMO ACTUAR NO CENTRO EDUCATIVO ANTE UNHA DENUNCIA DE ACOSO ESCOLAR?**

ACTUACIÓNS:

PRIMEIRA FASE

O director/a do centro ou persoa en quen delegue, deberá, axudándose da “*Folla de recollida da información*”.

- Citar e recibir á familia e ao alumno/a acosado/a en entrevista individual para coñecer o alcance do problema.(Anexos III e IV)
- Citar e recibir á familia e ao alumno/a acosador/a, así como ao resto de implicados en entrevista individual para coñecer o alcance do problema.
- Convocar ao Equipo Docente, ao Departamento de Orientación e a Comisión de Convivencia para exponer o caso e consultar e pedir orientacións consensuadas sobre as medidas a tomar en cada caso.
- Solicitar o apoio técnico do orientador/a do centro para a intervención ante determinados casos.
- Designar unha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II)
- Informar a Inspección Educativa. (anexo VI)
- O Equipo Directivo deberá coñecer tamén as situacións de risco que poden afectar a un menor sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise. A estes afectos, unha situación de acoso continuado considerase situación de risco e deberá ser comunicada a Fiscalía de Menores.
- Informar ás familias.

Cando existan evidencias claras de supostos feitos delituosos, informarase ás familias implicadas da comunicación que, no seu caso se realice á Fiscalía.

Familia da vítima:

Será informada dos pasos a seguir na xestión do conflito.

Cando existan evidencias claras de supostos feitos delituosos, informarase ás familias sobre a posibilidade, legalmente establecida, de denunciar os feitos, se estes foran constitutivos de delito.

Familia do agresor/a ou agresores/as:

Tamén será informada dos pasos a seguir na xestión do conflito e solicitarase a súa implicación para a solución do mesmo.

Cando existan evidencias claras de supostos feitos delituosos, informarase ás familias sobre as actuacións legais que competen ao centro educativo.

Antes de tomar calquera tipo de medida, é necesario contrastar a información procedente de varias fontes: observación directa e vixilancia, profesorado, alumnado e familias. Para cada situación deberá ser valorada a necesidade de recorrer a diferentes métodos, sempre con un alto grado de confidencialidade.

É necesaria unha intervención rápida, urxente e efectiva. Tamén o proceso deberá realizarse coa debida discreción pois o contrario podería serrar máis violencia e crispación.

Tamén pode haber informes procedentes doutros servizos externos ao centro.

Para facilitar todo o proceso de recollida de información utilizaremos esta **“Folla de recollida da información”**. (anexo VII)

Os procedementos empregados nesta fase deberan axustarse a idade e madurez dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso.
- Feitos observados.

o Entrevista individual a vítima (anexo VIII).

o Entrevista individual a persoa/as responsables do acoso (anexo IX).

o Entrevista individual as persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X).

o Entrevista individual as familias. Citación para entrevistar as familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e (anexo XI e XII).

o Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII).

o Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

A. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Centro:.....

Enderezo:.....

Tlf:.....

Alumno/a vítima:.....Curso:.....Idade:.....

Alumno/a agresor/a 1º:.....Curso:.....Idade:.....

Alumno/a agresor/a 2º:.....Curso:.....Idade:.....

Alumno/a agresor/a 3º:.....Curso:.....Idade:.....

B. ORIXEN DA SOLICITUDE

Familia Alumno/a Titor/a Profesorado Inspección Fiscalía Outros

C. RECOLLIDA DA INFORMACIÓN

C.1 TIPO DE AGRESIÓN

Verbal:

- Insultos:.....
- Motes:.....
- Ameazas:.....
- Chantaxes:.....

Física:

- Golpes:.....
- Rotura de materiais:.....
- Vexacións:.....
- Acoso sexual:.....

Social:

- Rexeitamento:.....
- Illamento (facer o vacío):.....

Psicolóxica:

- Humillacións:.....
- Ridiculizar:.....
- Rumores:.....
- Mensaxes telefónicas, correos, pintadas.....

C.2 ESPAZOS ONDE SE PRODUCE O MALTRATO

Aula:.....

Corredores (cambios de clase):.....

Baños:.....

Vestiaros:.....

Entradas e saídas:.....

Comedor:.....

Autobús/transporte escolar:.....

Fora do centro:.....

Outros:.....
.....
.....

C.3 FEITOS OBSERVADOS

Conduta observada:.....

Data:.....

Localización:.....

Observador/a:.....

Conduta observada:.....

Data:.....

Localización:.....

Observador/a:.....

Conduta observada:.....

Data:.....

Localización:.....

Observador/a:.....

SEGUNDA FASE : Análise da situación e medidas a adoptar.

O profesorado, o Departamento de Orientación e a Comisión de Convivencia, convocadas polo director/a ou a persoa en quen delegue e axudados da folla de recollida de información, para facilitar unha análise ordenada de cada caso, decidirá as posibles medidas a aplicar. Como por exemplo:

MEDIDAS

De protección á vítima:

- Vixilancia específica do acosador/a ou acosadores/as.
- Tutoría individualizada dos implicados/as.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e o control dos seus fillos/as.
- Cambio de grupo.
- Pautas de auto proteccións á vítima.

Medidas correctoras co agresor/a ou agresores/as:

Entre outras que pode decidir o centro e en función da gravidade dos feitos:

- Petición de desculpas de forma oral ou por escrito.
- Participación nun proceso de mediación.
- Realización de traballos específicos en horario non lectivo relacionados co dano causado coa

correspondente autorización familiar.

- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e o control dos seus fillos/as.
- Realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia no centro.
- Implicación en tarefas socio educativas.
- Participación en programas específicos de habilidades sociais.
- Amoestación privada do titor/a.
- Amoestación privada pola xefatura de estudos.
- Comparecencia ante a xefatura de estudos de forma puntual ou periódica.
- Cambio de grupo do agresor/a.
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.

Apertura de expediente disciplinario: Poñendo a data, Instrutor/a e datos do alumnado implicado para a obstrución do mesmo.


TERCEIRA FASE: Rexistro escrito de acordos sobre as medidas decididas. Plan de actuación.

Recollerá como mínimo, os seguintes apartados:

- Actuacións co alumnado implicado: Víctima, acosador/a ou acosadores/as e o grupo de clase.
- Actuacións coas familias.
- Actuacións do profesorado.
- Colaboracións externas.
- Recursos utilizados.
- Temporalización.
- Seguimento e avaliación

CUARTA FASE : Intervención específica do Departamento de Orientación.

Nesta última fase de intervención e de cara a evitar a recorrencia do caso e favorecer a erradicación da conducta agresiva, aplicarase un método de mediación que pola súa sinxeleza e validez pode ser unha boa ferramenta de traballo. O método en cuestión é o denominado **Método Pikas**.



Este método utilízase para disuadir ao agresor/a ou agresores/as do seu ataque cara un compañeiro/a. Trátase dunha serie de entrevistas co agresor/a ou agresores/as, os espectadores/as e a vítima de forma individual, nas que se intenta crear un clima de acercamento e acórdanse estratexias individuais de axuda á vítima.

O obxectivo da intervención é conseguir que os membros do grupo, de forma individual, tomen conciencia da situación que están vivindo e comprométanse a realizar unha serie de accións que melloren a situación social.


SECUENCIA

1. Entrevistas individuais con cada alumno/a implicado/a (5 ou 10 minutos por persoa). Comézase por quen lidera o grupo e continúaase co resto de agresores/as e espectadores/as para finalizar coa vítima.
2. Entrevistas de seguimento, á semana con cada alumno/a, dependendo da disposición horaria do mediador/a. O intervalo entre a primeira entrevista e a seguinte nunca será superior a dúas semanas.
3. Encontro final en grupo de afectados/as: Mediación grupal para chegar a acordos de convivencia e que se produza a conciliación. Deixarase constancia por escrito e se se

incumpren acordos, facéndolles ver que se o maltrato continuase, habería que tomar outras medidas. Tamén haberá que fixar datas para revisar a evolución do caso.

O papel de quen asume a mediación (orientador/a ou titor/a) será o de facilitador da comunicación, aportando solucións positivas e moderando quendas de intervención.

No caso que este método non dese o o resultado desexado, sería necesario realizar unha intervención máis específica e especializada co agresor/a, contando co asesoramento e apoio de profesionais externos ao centro, que atendese aos seguintes parámetros:



4.4. O CIBERACOSO

A presenza de internet no mundo escolar, relacionada co aumento do uso das novas tecnoloxías da comunicación, e imparabile, o mesmo que noutros moitos campos. As vantaxes destes medios son evidentes, pero tamén poden presentar inconvenientes e, no caso que nos ocupa, certos riscos.

A complexidade deste fenómeno deu lugar a gran cantidade de definicións. Neste protocolo optouse pola consideración do termo ciberacoso, entendido como aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da citada lei se recolle que:

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fora do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias as normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

Ademais, na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, establécense entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia a gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito a honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Tecnoloxías como internet e a telefonía móbil resultan ser ferramentas de grande importancia para a formación, a socialización, o ocio e o desenvolvemento de nenos e nenas e de adolescentes, pero, de igual xeito, a súa enorme potencialidade ao servizo de persoas con intención de facer dano pode supoñer a aparición de situacións nas que os menores ou as menores se ven lesionados ou lesionadas polas accións doutras persoas. Para combater este fenómeno, os docentes deben conseguir que as novas tecnoloxías sexan sempre unha fonte de experiencias positivas para o alumnado, deben coñecer a

tipoloxía dos perigos que leva consigo a rede, a sintomatoloxía que lles axudara a detectar os problemas, as boas prácticas que axudan a previr estas situacións e a maneira de buscar solucións.

Definición de ciberacoso

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou mais persoas, ou da súa imaxe pública.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet: perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso entra no primeiro tipo.

Criterios de identificación do ciberacoso

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se da nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados; teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

Tipos de ciberacoso

O ciberacoso pode concretarse en:

- Frustrigamento: cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais a vítima...
- Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inadecuado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo debería traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

Protocolo de actuación

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- E imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir paxinas, copiar ficheiros... aspecto que debера realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e as forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Se e o caso, denunciar o acoso as forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- Todas estas accións deberan estar enmarcadas na mais absoluta discreción e confidencialidade.
- Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:
 - o Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
 - o Natureza e difusión das accións.
 - o Facilitade/dificultade para deter o ciberacoso.
 - o Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
 - o Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
 - o Repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida debера detallar, ademais:
 - o Relación co ámbito escolar.
 - o Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
 - o Efectos producidos.

Estratexias preventivas

Os profesionais do ensino deben estar atentos a maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada

situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas practicas nestes tres ámbitos de actuación:

PROFESORADO E CENTRO

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar ao alumnado e as familias.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.).
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas practicas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas practicas.
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

ALUMNADO

Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). Resulta o mais importante como prevención. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada so a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto e, fora da rede.
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc., tampouco datos persoais de terceiras persoas.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.

Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non e o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión

de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando cousas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.

Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se tena coñecemento.

PAIS E FAMILIARES

- Adecuar as medidas de seguridade e control a vulnerabilidade das súas fillas o dos seus fillos, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan mais maduras ou maduros.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben. Non botarlle a culpa de todos os males ante calquera desacordo cos seus fillos ou coas súas fillas.
- Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza de outros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla, e moito mais efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e que nos conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.
- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos a web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E

DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS.

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa están recollidos nas Normas de Organización , Funcionamento e Convivencia. As normas de convivencia teñen por obxecto concretar as condutas non acordes co disposto nese regulamento, anexionado ao final do presente plan. e establecer a forma en que estas teñan que ser corrixidas.

O obxectivo do presente regulamento é fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e a mellora das relacións entre os membros da comunidade educativa e darase prioridade ao uso do diálogo na resolución dos conflitos.

As normas van dirixidas a todos os membros da comunidade educativa:

-Do profesorado

- Do alumnado

- Das familias

- Da comunidade educativa en xeral

DO PROFESORADO

1. Os titores ou especialistas que lles corresponda entrarán ás 9:30 co seu alumnado para a aula, saíndo da zona do patio (dianteiro ou traseiro) que teñen asignada para as entradas. Serán responsables de que vaian en orde e en silencio polos corredores.
2. Deixaremos sempre a clase na que nos atopemos debidamente ordenada para que o mestre ou mestra que a ocupe posteriormente inicie o seu traballo nas condicións o máis óptimas posibles. Ao final do día as cadeiras das clases colocaranse enriba das mesas, para facilitar a limpeza.
3. As titorías cos pais e nais faranse segundo o calendario, e de acordo a este NOF, en horario de 16.30 a 17.30, preferentemente previa cita.
4. Cando o alumnado falte ou sexa impuntual tres días seguidos, sen xustificación, darase parte á Dirección do centro, e enviarase comunicación escrita, con acuse de recibo, á familia. Os titores

acompañarán ao seu alumnado ás aulas das especialidades e iranos buscar, agás á hora de entrada e á saída, que serán os propios especialistas quen os acompañen..

5. Velar porque todos os alumnos e alumnas cumpran as normas de convivencia establecidas.
6. Baixo ningún concepto se poderá expulsar a un alumno ao corredor senón que se optará por outras medidas. (Se fora preciso mandarase ao alumno a aula de Convivencia inclusiva, á Xefatura de Estudos ou á Dirección.)
7. Pedir e controlar que os seus alumnos aporten o material preciso para o desenvolvemento das súas tarefas escolares.
8. Cando detectemos anomalías nos aseos ou outras dependencias, si non podemos solucionarlas, porase en coñecemento de Dirección.
9. Si por calquera circunstancia extraordinaria un compañeiro ten que ausentarse un breve espazo de tempo da súa aula, o compañeiro que se atopa na aula máis próxima vixiará aos nenos ata que o ausente ou quen o substitúa se reincorpore.
10. Facer as gardas de recreo por quendas, alternándose cada dous días entre os titores de cada nivel.
11. A asistencia dos alumnos será controlada polo titor no correspondente parte, e velarase por que as ausencias non superen o 15%, de ser así haberá que tomar medidas extraordinarias.
12. Ter coherencia entre a nosa actitude e o que pedimos ao alumnado.
13. Cando un alumno se atope mal de saúde o titor porase en contacto coa familia e non se dará ningún tipo de medicación.
14. Diálogo fluído entre titor-especialistas e titores/as, para acordar e tratar temas que afecten ao ciclo ou a un determinado alumno.
15. Favorecerase o bo funcionamento do colexio mantendo un espírito colaborativo e participativo.
16. As medidas correctivas executaranse dentro da aula ordinaria e co acompañamento do mestre, non se poderá ter nenos castigados na Biblioteca nin nos corredores.

FUNCIÓNS DOS PROFESORADO DE GARDA NO RECREO

1. Controlar os puntos conflictivos do patio, cada un na zona que lle corresponde.
2. Atender aos alumnos que demanden a súa axuda.
3. Solucionar dentro das súas posibilidades, os problemas que poidan xurdir durante o seu período de vixilancia.
4. Cando un alumno teña que abandonar o recinto no tempo de recreo, deberá ser recollido por súa nai, pai ou titor legal e asinar a correspondente autorización.
5. Os días de choiva o timbre volverá soar e quedarase na aula respetando os turnos de garda.
6. Os días do choiva non se poderá baixar a biblioteca, os demais días o alumnado baixará directamente a biblioteca. Se ten que merendar farao na entrada dianteira e o rematar entrará na biblioteca.
7. As zonas de patio están repartidas entre os diferentes niveis compartindo 3º,4º,5º e 6º a pista de baloncesto e a pista de fútbol. (5º e 6º estarán na pista grande os luns, mércores e venres, xoves e venres empregarán a pista de baloncesto) Na pista de baloncesto non está permitido xogar ao fútbol.
Dinamizaranse xogos e campionatos entre o alumnado por parte do profesorado.
8. Cando no tempo do recreo se produza algún contratempo de importancia comunicaráselle á Dirección do Centro.
9. Requírese puntualidade na saída ao recreo co alumnado e rigor na vixilancia. Nunca poderá existir un baleiro de tempo no que o alumnado estea desatendido.

FUNCIÓNS DO PROFESORADO NAS GARDAS DE TRANSPORTE

Os mestres do centro realizarán gardas de transporte, tal e como se recolle na *Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

Será responsabilidade dos docentes custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre dende a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e dende que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar. O número de persoal docente de garda será un por cada cincuenta alumnos e alumnas.

FUNCIÓNS DO PROFESORADO DE GARDA POLAS TARDES (BIBLIOTECA)

1. Só se poderá entrar na biblioteca ás 16:30h. ou ás 17:30h. Se se sae dunha actividade.
2. A hora de saída é as 18:30, agás que veña recollelo a nai, pai ou titor, e asinen a correspondente ficha de recollida.
3. Se o alumno ou alumna acude a biblioteca e permanece acompañado polo seu pai ou nai durante todo o tempo, non precisa asinar ningún rexistro se marchan antes das 18:30.

DO ALUMNADO:

1. NA AULA:

- 1.1. Entrar en orde respectando a colocación na fila (acompañados do titor ou especialista correspondente), preparar o material da área que nos toca e permanecer sentados e en silencio.
- 1.2. Atender ás explicacións, traballar en silencio e respectar a quenda de palabra.
- 1.3. Respectar o material propio e alleo e deixalo no seu lugar despois de utilizalo.
- 1.4. As lambetadas (chicles, caramelos, etc)comeranse, se é o caso, só durante o recreo.
- 1.5. Non se poderán traer xoguetes ao centro, nin para o recreo nin para a aula, a non ser que os pida un mestre/a por algún motivo específico.
- 1.6. Saír ao aseo só cando se teña verdadeira necesidade.
- 1.7. O mobiliario debemos coidalo posto que ten que ser utilizado por outros alumnos.
- 1.8. Ao acabar as clases dirixirémonos ao patio e alí poderemos esperar aos amigos que tarden máis tempo en saír da clase.
- 1.9. Deixar a aula ordenada ao acabar as clases.
- 1.10. Utilizar as papeleiras adecuadas para sacar punta ao lapis, tirar papeis... favorecendo a reciclaxe.
- 1.11. Utilizar un ton de voz baixo para conversar, potenciando o diálogo antes que calquera outra medida correctora.
- 1.12. Non se deberán esquecer as normas básicas de cortesía e potenciarase o seu uso.

2. NO PATIO:

- 2.1. Usar correctamente as papeleiras para mantelo limpo e protexer o medio ambiente.
- 2.2. As paredes do edificio, árbores, céspede, porterías, canastras, aseos, fontes... debemos mantelos limpos e usalos correctamente.
- 2.3. Cando xurda un problema iremos xunto do mestre de garda de patio para que nos axude a resolvelo si é da súa competencia.
- 2.4. O espazo dividirase cada dous niveis, de maneira que cada un deles se atope nun lugar concreto. A cada ciclo corresponderalle ser vixiado por dous mestres, de maneira alternativa durante a semana, os do grupo A e os do grupo B.
- 2.5. Seremos puntuais á entrada do recreo, e iremos para a aula en compañía do respectivo titor, en orde, sen correr polos corredores e sen facer ruído.
- 2.6. Non podemos entrar no edificio pasados dez minutos do recreo. Tampouco se poderá entrar a esa hora xa na Biblioteca.
- 2.7. Para ir para a Biblioteca baixaremos directamente da aula.
- 2.8. Está prohibido traer ao centro calquera tipo de aparello electrónico: teléfonos móbiles, mp3, videoxogos... de ser así retiraránselle e deberán vir recollelos os pais. En caso de rotura ou perda será responsabilidade da familia.

3. DURANTE O HORARIO DE CLASE:

- 3.1. Cada titor acompañará ao seu alumnado á aula do especialista co que teñan clase, do mesmo modo irá recollelos, excepto que o especialista prefira ser el o que busque ou acompañe o alumnado a súa aula.
- 3.2. O mestre que teña clase cuns determinados alumnos á última sesión será responsable de que na hora de saída marchen coas súas respectivas familias ou no autobús así como de mandar ao comedor aos usuarios do mesmo. De retrasarse algunha nai ou pai en recoller ao alumno, o mestre deberá esperar con él e chamar á casa si fora preciso.
- 3.3. Deberase entrar, saír e cambiar de clase de maneira ordenada e no máximo silencio posible a fin de non entorpecer o traballo que outros compañeiros poidan estar realizando nese momento.
- 3.4. É obrigatorio traer diariamente o material preciso para traballar nas distintas áreas.
- 3.5. A entrada á aula é as nove e media da mañá, facelo máis tarde supón unha falta de PUNTUALIDADE, que se terá que xustificar ante o titor.

- 3.6. Á hora da entrada , os alumnos farán filas por ciclos cos seus respectivos titores , no patio cuberto dianteiro Ed. Infantil, o primeiro e segundo ciclo de Primaria, no patio traseiro os do terceiro ciclo.
- 3.7. Á hora da saída farano de igual maneira, é dicir, en filas de maneira ordenada e cos seus respectivos titores ou especialistas pola saída que lle corresponde a cada quen.
- 3.8. Cando un alumno chegue tarde, o familiar acompañarao á Secretaría onde entregará o xustificante do retraso, e un mestre o levará á súa aula. Persoal alleo ao centro non pode andar polas dependencias do colexio sen control.
- 3.9. Se antes da hora de saída habitual teñen que abandonar o Centro, deberán asinar o modelo de xustificante que existe no mesmo para tal efecto, e deberá ser recollido pola nai/pai ou persoa adulta en quen delegue (previamente autorizada segundo o modelo de instancia correspondente, asinado ao principio de curso)
- 3.10. Realizar as tarefas escolares coa máxima responsabilidade e interese.
- 3.11. As saídas, excursións e outras actividades programadas, que se realicen fóra do Centro, deberán ser autorizadas polas nais/pais ou titores legais, mediante a sinatura do documento oportuno. A tal efecto, o mestre responsable da actividade, porá en coñecemento do Equipo Directivo a celebración de dita actividade e o seu contido didáctico.
- 3.12. Adoptar unha actitude positiva ante as correccións das que sexa obxecto, respectando en todo momento aos seus compañeiros e mestres.
- 3.13. Non se permitirá a asistencia á clase ao alumnado que traia a cabeza completamente cuberta con elementos de calquera índole: panos, gorras, velos...

DAS FAMILIAS

1. As familias terán a obriga de cumprimentar os documentos de réxime interno que incumben á recollida e faltas dos seus fillos. Para tal efecto recollerán os impresos en Secretaría e esperarán a que baixe o alumno. Será o persoal do centro que estea ese momento no edificio administrativo o que se encargará de ir avisar ao alumno. Só no caso de que non estivera ningún mestre nese momento neste edificio, os pais poderían proceder a entrar no edificio escolar para recoller persoalmente aos seus fillos. Esta decisión comunicarase ás familias nas reunións informativas de inicio de curso.
2. As familias terán que xustificar sempre as faltas dos seus fillos .
3. As familias pedirán cita con antelación para acudir ás titorías, que se realizarán os martes en horario de 16:30 a 17:30, agás excepcións debidamente xustificadas.
4. As familias deberán comunicar ao centro posibles alerxias, enfermidades

transitorias

indisposicións do alumnado que poidan afectar para o normal desenvolvemento das actividades docentes. Acompañarase dun informe médico, de existir, que quedará recollido no Expediente do alumno.

5. As familias colaborarán no proceso de Ensinanza-Aprendizaxe do seu fillo coordinándose en todo o necesario co profesor tutor e co centro. Así mesmo levará un control diario da axenda escolar do seu fillo, naqueles cursos nos que se utiliza este recurso.

6. As familias serán informadas de todos aqueles aspectos relativos ao desenvolvemento escolar do seu fillo, así como de todos aqueles cambios que se poidan producir, ben no sistema de agrupamento, problemas condutuais, dificultades de aprendizaxe, reforzos educativos...

7. As familias autorizarán debidamente, a través do Departamento de Orientación, ao profesorado para levar a cabo sesións individuais fóra da aula ordinaria, cando estas sexan imprescindibles e debidamente xustificadas e autorizadas.

DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN XERAL

1. Aquelas organizacións, asociacións e entidades individuais que precisen entrevistarse con algún mestre do centro por algún motivo relacionado coa docencia, cos recursos didácticos, etc, deberán facelo fóra das horas de docencia directa co alumnado. Así mesmo, sería convinte que avisaran con antelación para asegurarse de que o profesorado pode estar á súa disposición no momento da visita.

2. Por outra banda, cando se ofrezan actividades complementarias, este ofrecemento será dirixido aos coordinadores dos departamentos e ciclos correspondentes, que serán os encargados de trasladar a proposta ao equipo docente e poñer en coñecemento do equipo directivo os acordos tomados.

DOCUMENTOS DE USO INTERNO DO CENTRO PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

Existen documentos e instancias oficiais para o noso centro, os cales axudan a que o colexio se estructure e organice apropiadamente e exista unha boa coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Estes documentos son os que se ditan a continuación:

- ✓ Ficha de recollida de alumnos en horario escolar e extraescolar.
- ✓ Autorización permanente para a recollida de alumnos por persoas distintas aos pais
- ✓ Autorización para que os alumnos de quinto e sexto poidan ir sós para casa desde o colexio ou desde a parada de autobús
- ✓ Ficha para a intervención do orientador para as familias e para os mestres.
- ✓ Autorización para o uso do nome e a imaxe do alumnado en medios de comunicación escolar.
- ✓ Libros de Actas para cada un dos equipos e comisións de traballo, que se atopa custodiado en Secretaría.
- ✓ Anexos e información sobre a gratuidade dos libros de texto mentres siga vixente.
- ✓ Rexistros de biblioteca a través do programa Meiga, en horario de mañá, e rexistros manuais para as tardes.
- ✓ Solicitud para o carné do profesorado a través de XADE.
- ✓ Partes mensuais de faltas de alumnado e de profesorado.
- ✓ Ficha para a actualización dos datos do enderezo e teléfono das familias.
- ✓ Solicitud de falta do profesorado e modelo de xustificación.
- ✓ Outros de carácter máis concreto.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa. Os incumprimentos das Normas de Convivencia valoraranse tendo en consideración a situación e condicións persoais do alumno/a.

· As correccións que se apliquen polo incumprimento das Normas de Convivencia terán un carácter educativo e recuperador. Deberan garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da Comunidade Educativa.

En todo caso, na corrección dos incumprimentos, teranse en conta os seguintes aspectos:

· Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito a educación, nin ao seu dereito a escolaridade.

· Non poderán impoñerse correccións contrarias a integridade física e a dignidade do alumno.

· A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e debere contribuir a mellora do seu progreso educativo.

· Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de correccións deberan ter en conta a idade do alumno, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobresemento como aos efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.

· Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos poderán solicitarse os informes que se estimaren necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendaren, no seu caso, aos pais ou representantes legais do alumno ou as instancias publicas competentes, a adopción das medidas necesarias.

· Determinaranse as medidas necesarias para que a inasistencia a clase non repercuta no rendemento académico do alumnado afectado.

· Cada titor terá na clase un planing mensual no que especificara as anotacións de faltas e incidencias do alumnado.

· Ou ben o titor ou o mestre que se atope co alumno, anotara no planing a falta cometida, escoitado o titor no derradeiro caso.

· A terceira falta o titor comunicara a xefatura de estudos as incidencias. Así mesmo, informarase aos pais/nais ou titores legais para tratar de poñer solución ao problema xurdido.

No caso de repetirse a incidencia convocarase aos pais/nais ou titores legais desde a dirección do Centro.

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias as normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de

actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de plan madrugadores, comedor e transporte escolar.

Poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda realizadas fóra do recinto escolar, estivesen motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afectasen aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar con arreglo ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. “Considerase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que tiveran causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

As posibles condutas contrarias as normas de convivencia realizadas mediante o emprego de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar, considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2011.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS A CONVIVENCIA	MEDIDAS CORRECTORAS A APLICAR
Manifestacións expresas contrarias aos valores e dereitos democráticos lexitimamente establecidos	<p>Actuacións inmediatas</p> <p>Amoestación pública ou privada.</p>
As accións de desconsideración, imposición de criterio, ameaza e falta de respecto, en xeral, aos membros da comunidade educativa, sempre que non sexan cualificadas como faltas.	<p>Esixencia de petición pública ou privada de desculpas.</p> <p>Suspensión do dereito a permanecer no lugar onde se estea levando a cabo a actividade e o tempo que estime o profesor. (Acudir a aula de convivencia inclusiva)</p>
A falta de puntualidade o asistencia a clase, cando non esté debidamente xustificada.	<p>A suspensión de este dereito está regulada, quedando garantido, e, todos os casos, o control do alumnado e a comunicación posterior, no caso de ser necesario, ao xefe de estudos ou director.</p>
A incorrección na presenza, motivada pola falta de aseo persoal ou na indumentaria que puidera provocar unha alteración na actividade escolar do centro.	<p>Realización de traballos específicos en períodos de recreo ou horario non lectivo, en este caso con permanencia no centro.</p> <p>Medidas de corrección</p>
O incumprimento expreso do deber de estudo durante o desenvolvemento da clase, dificultando a actuación do profesorado ou do resto dos alumnos.	<p>Amoestación escrita</p> <p>Modificación temporal do horario lectivo, tanto no referente a entrada como a saída do centro, como no período de permanencia nel, por un</p>
O deterioro leve das dependencias do centro, do seu material ou de pertenzas de outros membros da comunidade educativa, realizado de	

<p>forma negligente ou intencionada.</p>	<p>prazo máximo de 15 días lectivos.</p>
<p>A utilización inadecuada de aparellos electrónicos.</p>	<p>Suspensión do dereito a saír o patio por un período máximo de quince días.</p>
	<p>Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do centro ou ,si procede dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa por un máximo de 5 días.</p> <p>Realización de tarefas de apoio a outros alumnos e profesores por un máximo de 15 días.</p> <p>Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de 15 días.</p> <p>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo non superior a 5 días lectivos. Durante dito período quedará garantido a permanencia do alumno no centro, levando a cabo as tarefas que se lle encomenden.</p>

CONDUCTAS GRAVES PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	MEDIDAS A ADOPTAR	QUEN ADOPTA AS MEDIDAS
1. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de tres conductas contrarias ás normas de convivencia	a) Recoñecemento da falta e petición pública ou privada de desculpas.	A competencia para a aplicación das medidas de corrección corresponde ao director do centro tendo en conta a posibilidade de delegación no xefe de estudos.
2. A falta de respecto, indisciplina, acoso, ameaza e agresión verbal ou física, directa ou indirecta, ao profesorado, a calquera membro da comunidade educativa e en xeral a todas aquelas persoas que desenrolan as súas prestacións de servizos no centro educativo.	b) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do centro ou si procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Ditas tarefas non poderán ter unha duración inferior a 6 días lectivos nin superior a 15 días lectivos	Para a aplicación de estas ,medidas de corrección, salvo a prevista no apartado b, será preceptiva a audiencia ao alumno e aos seus pais ou titores legais.. Así mesmo se comunicará formalmente a súa adopción.
3. As vexacións ou humillacións a calquera membro da comunidade educativa, particularmente aquelas que teñan unha implicación de xénero, sexual, racial ou xenófoba, ou se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas.	c) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período superior a 15 días e inferior a 30 días	

<p>4. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p>	<p>d) Cambio de grupo do alumno durante un período comprendido entre 16 días lectivos e a finalización do curso escolar.</p>	
<p>5. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtraccións de documentos ou material académico.</p>	<p>e) Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases ou a todas, por un período superior a 5 días lectivos ou inferior a 30 días lectivos, sen que iso comporte a perda do dereito a avaliación continúa e entregando un programa de traballo para dito período, cos procedementos de seguimento e control oportunos, co fin de garantir dito dereito.</p>	
<p>6. O deterioro grave causado intencionadamente, das dependencias do centro, do seu material ou dos obxectos e as pertenzas dos demais membros comunidade educativa así como a súa subtracción.</p>	<p>f) Cambio de centro.</p>	
<p>7. As actuacións e as incitacións a actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro.</p>		
<p>8. Portar calquera obxecto, substancia ou</p>		

<p>produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se e requirido para iso polo profesorado.</p>		
<p>9. Incumprimento reiterado de tres sancións impostas</p>		

No seguinte enderezo atópanse os modelos normalizados que recollen o procedemento que compre seguir para a tramitación dos procedementos correctores de condutas contrarias as normas de convivencia.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA. SERVICIO DE MEDIACIÓN. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA. ESCOLA DE NAIS E PAIS.

A Comisión de Convivencia estará integrada por:

- Director/a do centro.
- O Xefe de Estudos
- 2 representantes do profesorado.
- 2 representantes de nais e pais.
- O orientador.
- O coordinador de convivencia se fose o caso.
- O secretario do centro.

A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

SERVIZO DE MEDIACIÓN

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

- Os equipos de mediación estarán formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.
- A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.
- Solo se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.
- As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula de convivencia inclusiva ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia as clases, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación a súa propia aula no menor tempo posible,

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o tramite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

O profesorado que atenderá a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación programará actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

O horario e localización da aula establecerao a Xefatura de Estudos tendo en conta os espazos dispoñibles e de forma que se incida do menor xeito posible nas actividades lectivas ordinarias. O profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación facilitara o material didáctico preciso para o seu funcionamento.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Os órganos de coordinación docente incluírán as medidas e os acordos relacionados coa

convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de nivel , para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

O centro establecera a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará a disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.

No momento da súa aprobación e ao inicio da cada curso a dirección do centro informará desta circunstancia na circular de inicio de curso.

Tamén se garantira esta difusión :

- 1- Nas reunións de tutoría cos familias de inicio de curso.
- 2- A través da ANPA do centro
- 3- A través do Consello Escolar

10. AVALIACIÓN E MELLORA

Corresponde a Comisión de Convivencia o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os criterios a considerar para avaliar o devandito plan serán:

1. Evolución no número, tipo e gravidade dos conflitos, respecto ao ano anterior.

2. Alcance do plan de convivencia
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.
4. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia.
5. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativas.
6. Renovación do plan de convivencia
7. Funcionamento da comisión de convivencia.
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.
9. Actividades formativas á comunidade educativa para a mellora da convivencia
10. Valoración do desenvolvemento dos diferentes protocolos de actuación encamiñados a mellora e funcionamento do devandito plan.
11. Valoración global da situación de convivencia escolar no centro.

Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegaran as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro a Comisión de Convivencia. (Podéndose empregar diferentes cuestionarios como instrumentos de avaliación dos distintos criterios.)

A Comisión de Convivencia elaborara, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobara a memoria do Plan de Convivencia elaborada por esta. Esta memoria formara parte da memoria anual do centro.

Os cambios que se introduzan cada curso no Plan de Convivencia Escolar incorporaranse na P.X.A do curso seguinte.

O presente Plan debe ser coñecido por toda a Comunidade Educativa.

Incluír o Plan de Convivencia na páxina web do centro.